



SESION ORDINARIA DE 26 DE SETEMBRO DE 2023

(Acta número 09)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
 D^a. María del Pilar García Porto
 D. Pablo Rivera Capón
 D^a. Mayra García Bermúdez
 D. Miguel Fernández Méndez
 D. Xosé María Arias Fernández
 D. Iván Castro Díaz
 D. Daniel García Fernández
 D. Antonio Ameijide Osorio
 D^a. Carmen José López Rodríguez
 D. José Pardo Lombao
 D. Francisco Javier Balado Teijeiro
 D. José Angel Santos Sánchez
 D. Jesús Manuel Núñez Díaz
 D^a Iria Castro Fernández
 D. Carlos López López
 D. Javier Varela Pérez
 D. Armando Castosa Alvariño
 D^a. María Sol Morandeira Morandeira
 D. Francisco Cajoto Caserío
 D. José Demetrio Salgueiro Rapa
 D. José María Fernández Vázquez
 D. Clemente Iglesias González
 D. Luis Fernández Guitián

No Pazo da Excm. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **vinte e seis de setembro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:D^a. Rosa Abelleira Fernández

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	1/35



1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de xullo de dous mil vinte e tres e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

2.- ADHESIÓN Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA E DINAMIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR) POR PARTE DE TRAGSATEC (TECNOLOGÍAS Y SERVICIOS AGRARIOS, S.A., S.M.E., M.P.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:


“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Innovación e Participación Cidadá e do Servizo de Contratación e Fomento asinado con data 15.09.2023 e código CSV IV7P4IA7DR4PYSNO2FHTN77X6M sobre o asunto de referencia e no que textualmente se di:

Primeiro.- Para recibir apoio financeiro no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, os Estados membros da Unión Europea elaboraron os seus plans nacionais de recuperación e resiliencia. O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia español (en adiante PRTR) detalla unha completa axenda de investimentos e reformas especificando as metas, obxectivos e indicadores para o seu seguimento e control. Na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, o Ministerio de Hacienda configura o sistema de xestión do PRTR.

O Plan de Recuperación estrutúrase en 30 compoñentes cada un dos cales recolle unha ou varias medidas, xa sexan reformas ou investimentos. O devandito Plan involucra a todos os niveis administrativos e todas as Administracións Públicas teñen un papel fundamental na execución do plan, sendo corresponsables no seguimento, avaliación e control dos fitos e obxectivos da súa competencia, en coherencia co investimento planificado por cada Ministerio.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	2/35





Os proxectos incluídos no PRTR levarán a termo a través de convenios, da licitación de contratos e da convocatoria de subvencións e axudas da Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas e, no seu caso, Entidades Locais.

Segundo.- O 20.04.2023 chega á Presidencia da Deputación de Lugo, correo electrónico remitido pola Oficina Técnica para a dinamización da participación das AAPP no PRTR de TRAGSATEC onde se manifesta:

Desde la Secretaria de Estado de Presupuestos y Gastos del Ministerio de Hacienda y Función Pública se ha realizado el encargo a la sociedad estatal TECNOLOGÍAS Y SERVICIOS AGRARIOS, S.A., S.M.E., M.P, (TRAGSATEC) para poner en marcha un servicio de asistencia y dinamización de la participación de las administraciones públicas en el Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR).

El objeto de las actividades que se realizarán en el marco del encargo consistirá en la constitución de un servicio de soporte y asistencia a las Administraciones Publicas para fomentar su participación en las inversiones y acciones enmarcadas en el Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR) así como prestarles apoyo en el desarrollo y la gestión de las actividades que les competen en el marco del PRTR, de tal manera que las actuaciones del mismo lleguen a todo el territorio español y sus beneficios alcancen a toda la ciudadanía.

Actualmente el proyecto se encuentra en la fase inicial de despliegue de equipos por el territorio que constará de una red de equipos territoriales en cada provincia, que serán apoyados por equipos autonómicos, así como un equipo central de coordinación y otro de apoyo técnico. Estos grupos de trabajo multidisciplinares darán cobertura a las actividades, de manera continuada y proactiva durante toda la duración del encargo.

Dentro de esta primera fase, se va a dar prioridad a los municipios de menos de 5.000 habitantes, además de otras administraciones públicas como Diputaciones y Cabildos, ya que son los principales destinatarios de este servicio y es por ello que nos ponemos en contacto con su Entidad Local.

Para recibir este soporte y asistencia técnica, en caso de que su Entidad Local esté interesada, deberá adherirse de forma voluntaria al servicio, sin que dicha adhesión implique obligaciones adicionales a las ya recogidas en la normativa para toda Entidad ejecutora del PRTR. Le adjuntamos el documento de adhesión incluido en el Protocolo explicativo del mismo que deberá remitir al correo electrónico de la antena provincial de Lugo (apoyo.hacienda.lugo@tragsa.es).

Aprovechamos también esta comunicación para facilitarles un documento adjunto con mayor detalle de las actividades a las que se presta soporte en el marco de este servicio y quedando a su disposición para cualquier consulta o aclaración que precisen y que pueden remitirnos por el mismo medio.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	3/35



O devandito correo ven acompañado do texto do protocolo de adhesión e dun resumo das actividades a desenvolver que se incorporan como documentación anexa ao presente expediente.

Consideracións:

Primeira.- O PRTR é un plan ambicioso e complexo que require a implicación de tódolos axentes económicos e sociais, de tódolos niveis de goberno e do conxunto das Administracións Públicas. Se xa de por si a lexislación europea é moi cambiante, a excepcionalidade e premura na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, supón un cambio de paradigma para a xestión administrativa de fondos europeos por parte do sector público, aumentando a complexidade técnica e xurídica.

Segunda.- Esta Deputación é beneficiaria e está a executar tres proxectos financiados polos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que ascenden a 5.970.610,62 € relacionados en cadro xunto.

PROXECTO	ORGANISMO CONVOCANTE	TOTAL PROXECTO
Creación da rede de oficinas Acelera Peme para contornas rurais	Entidade pública empresarial Red.es. Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.	512,500,00€
Axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das reservas da biosfera de Galicia	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Xunta de Galicia	1.036.427,98€
Subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais	Ministerio de Política Territorial	4.421.682,64 €

A solicitude das devanditas axudas realizouse polo Departamento de Fondos Europeos da Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo en colaboración cos diferentes Servizos desta Entidade en razón de materia.

Terceira.- Para dar cobertura á esixencia da Comisión Europea para poder controlar o destino dos cartos do PRTR o Ministerio de Hacienda crea as ferramentas informáticas CoFFEE e MINERVA. Os beneficiarios de fondos PRTR estamos obrigados a utilizalas.

Cuarta.- O texto do acordo proposto é froito dun encargo realizado pola Secretaria de Estado de Presupostos y Gastos do Ministerio de Economía y Hacienda a entidade Tragsatec. Na súa redacción obsérvase unha mera intención de contido xeral e oferta

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	4/35





unilateralmente servizos sen implicación económica algunha para a Deputación e non supón a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles.

Tal e como manifiestan no seu escrito, o obxecto das actividades que se realizarán no marco do encargo *consistirá na constitución dun servizo de soporte e asistencia ás Administracións Públicas para fomentar o seu participación nos investimentos e accións enmarcadas no PRTR así como prestarlles apoio no desenvolvemento e a xestión das actividades que competen no marco do PRTR, de tal maneira que as actuacións do mesmo cheguen a todo o territorio español e os seus beneficios alcancen a toda a cidadanía.*

Quinta.- A adhesión ao devandito Servizo de asistencia técnica e dinamización da participación das administracións públicas no plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) obriga á designación por parte da Deputación dun interlocutor co persoal de Tragsatec adscrito ao encargo do Ministerio.

Os expedientes de solicitude das diferentes liñas de axuda do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia solicitados por esta Deputación foron iniciados pola Sección de Innovación e Participación Cidadá dado que á mesma está adscrito o Departamento de Fondos Europeos que conta con persoal experto e formado na xestión de fondos europeos en xeral e no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en particular.

Concedidas as axudas, estas son executadas polos diferentes Servizos da Deputación en función da materia que aplique. Así, as oficinas Acelera Peme son xestionadas pola Sección de Promoción Económica e Emprego e as axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das reservas da biosfera de Galicia estanse a executar polo Servizo de Medio Ambiente. No caso das axudas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais están a ser executadas polo Servizo de Comunicación e TIC xunto coa Sección de Innovación e Participación Cidadá.

Se a esta diversidade de materias lle sumamos a premura nos tempos para recibir e executar os fondos do PRTR así como as estritas medidas de control implantadas pola Comisión Europea cómpre aglutinar nun só departamento a interlocución con Tragsatec.

Sexta.- Vista a duración e o alcance dos compromisos incluídos no encargo efectuado pola Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos ao medio propio TRAGSATEC, o órgano competente para aprobar a adhesión ao Servizo de Asistencia Técnica e Dinamización das Administracións Públicas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTS) é, en base ao establecido no artigo 57.20 do Regulamento Orgánico da Deputación de Provincial de Lugo e por anoloxía do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o Pleno.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	5/35



Coa indicación de que o órgano competente para formalizar a adhesión é o Presidente (tal e como se recolle no artigo 54.20 do Regulamento Órgánico da Deputación de Provincial de Lugo)

Conclusión:

Na experiencia ata o momento na xestión local do PRTR por parte desta Sección detéctase o volume e a complexidade de convocatorias previstas e a dificultade, nalgún caso, para a identificación de convocatorias que poidan ser de interese para este Ente Provincial. Así mesmo, resulta complexo o control e seguimento da execución que require a Unión Europea.

Do exposto dedúcese que calquera medida de reforzo que repercuta nunha correcta execución dos fondos do PRTR é positiva e ata necesaria para esta Deputación toda vez que os servizos ofertados por Tragsatec non comportan implicación económica algunha presente ou futura para a Deputación e non supoñen a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles.


Á vista de canto antecede, INFÓRMASE sobre a conveniencia de elevar ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a seguinte proposta de acordo:

1. Aprobar a adhesión ao *Servizo de asistencia técnica e dinamización da participación das administracións públicas no plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) prestado pola Entidade Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E, M.P. (Tragsatec) segundo o texto do Anexo III que figura no expediente núm. 2023/XEN_01/001204.*
2. Designar por parte da Deputación a un interlocutor co persoal de Tragsatec adscrito ao encargo do Ministerio.”

Visto o informe complementario ao anterior, asinado con data 15.09.2023 e código CSV IV7P4PSDFMX3RCZKXUPDMDS6EY, emitido pola Sección de Innovación e Participación Cidadá, no que dí: *En relación co informe citado cómpre aclarar que segundo se desprende das comunicacións remitidas por Tragsatec as prestacións ofertadas a través do Servizo de dinamización da participación das AAPP no PRTR non conteñen implicación económica algunha presente ou futura para a Deputación nin supoñen a formalización compromisos concretos e esixibles.*

Analizados os efectivos de persoal da Deputación de Lugo e tendo en contra as atribucións da Sección de Innovación e Participación Cidadá no relativo á todas as materias relacionadas na xestión de Fondos Europeos, considérase oportuno que sexa a persoa que exerza a titularidade da Xefatura da Sección de Innovación e Participación Cidadá a que sexa designada como interlocutor con Tragsatec.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	6/35





Polo exposto propoño elevar ao Pleno da Deputación de Lugo a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar a adhesión ao Servizo de asistencia técnica e dinamización da participación das administracións publicas no plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) prestado pola Entidade Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E, M.P. (Tragsatec) segundo o texto do Anexo III que figura no expediente núm. 2023/XEN_01/001204.

2º.- Designar á persoa que ostenta a titularidade da Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo, como interlocutor co persoal de Tragsatec adscrito ao encargo do Ministerio”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Antonio Ameijide Osorio e D. José María Fernández Vázquez, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=2>

3.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIONS.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, que textualmente di o seguinte:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 14 de setembro de 2023, no que literalmente se establece o seguinte:
En relación ao asunto de referencia (exp .2023/XEN_01/002434) emítase o seguinte

Informe:
Antecedentes de Feito:

Primeiro. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o 29 de decembro de 2020 acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente o texto da Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación.

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 30 días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da entidade.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	7/35



Terceiro: Aprobar con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto: Publicar o acordo definitivo da aprobación da Ordenanza así como o texto íntegro da mesma tanto no Boletín Oficial da Provincia como na páxina Web da entidade.”

Segundo: Sometido o acordo ao trámite de audiencia e información pública sen presentarse reclamación dentro do prazo establecido, elevouse automaticamente a definitivo o acordo de aprobación inicial da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Terceiro: O texto íntegro da Ordenanza Xeral de Subvencións publicouse no Boletín Oficial da Provincial, Núm. 083, de data 13 de abril de 2021.

Consideracións Xurídico-Administrativas.

Primeiro: Trala entrada en vigor da Ordenanza Xeral de Subvencións producíronse cambios na normativa en materia de subvencións o que se fai necesario a súa adaptación.

Os cambios traen causa da seguinte lexislación;

- Ley 22/2021, de 28 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2022.

- Ley Orgánica 10/2022, de 6 de septiembre, de garantía integral de la libertad sexual.


- Ley 18/2022, de 28 de septiembre, de creación y crecimiento de empresas.

- Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023.

- Ley 1/2023, de 20 de febrero, de Cooperación para el Desarrollo Sostenible y la Solidaridad Global.- Real Decreto-ley 5/2023, de 28 de junio, por el que se adoptan y prorrogan determinadas medidas de respuesta a las consecuencias económicas y sociales de la Guerra de Ucrania, de apoyo a la reconstrucción de la isla de La Palma y a otras situaciones de vulnerabilidad; de transposición de Directivas de la Unión Europea en materia de modificaciones estructurales de sociedades mercantiles y conciliación de la vida familiar y la vida profesional de los progenitores y los cuidadores; y de ejecución y cumplimiento del Derecho de la Unión Europea.

Segundo: No artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común dispónse que “Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos neste artigo no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	8/35





Cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigacións relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro. Se a normativa reguladora do exercicio da iniciativa lexislativa ou da potestade regulamentaria por unha Administración prevé a tramitación urxente destes procedementos, a eventual excepción do trámite por esta circunstancia axustarase ao previsto naquela”.

Conclusións,

Por todo o exposto, e tendo en conta que pode omitirse a consulta pública xa que se trata dunha regulación parcial e soamente aclaratoria de aspectos xa regulados, infórmase favorablemente que polo Pleno da Corporación se adopten os seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do texto da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación nos termos do texto refundido que se incorpora al expediente.

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 30 días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da entidade.

Terceiro: Elevar automaticamente a definitivo o acordo de modificación do texto da Ordenanza Xeral de Subvencións cando non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.


Cuarto: Publicar o acordo definitivo de modificación do texto da Ordenanza Xeral de Subvencións cando se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública ou o anuncio de elevación automática a definitivo do acordo de modificación do texto da Ordenanza Xeral de Subvencións cando non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública xunto co texto íntegro da Ordenanza Xeral de Subvencións tanto no Boletín Oficial da Provincia como na páxina Web da entidade.”

Polo anteriormente exposto, proponse que polo Pleno da corporación se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do texto da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación nos termos do texto refundido que se incorpora al expediente.

2º.- Expoñer ao público dito expediente durante 30 días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da entidade.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	9/35



3º.- Elevar automaticamente a definitivo o acordo de modificación do texto da Ordenanza Xeral de Subvencións cando non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

4º.- Publicar o acordo definitivo de modificación do texto da Ordenanza Xeral de Subvencións cando se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública, ou o anuncio de elevación automática a definitivo do acordo de modificación do texto da Ordenanza Xeral de Subvencións cando non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública, xunto co texto íntegro da Ordenanza Xeral de Subvencións tanto no Boletín Oficial da Provincia como na páxina Web da entidade”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Antonio Ameijide Osorio e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=3>

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVISIÓN DE TARIFAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN, “GAYOSO CASTRO”.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:


“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes

O pleno provincial en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2017 aprobou a adxudicación do contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”.

Asimesmo, dito órgano en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xuño de

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	10/35





dous mil vinte e un, acordou aprobar a revisión das tarifas do contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo "Gayoso Castro", cun incremento de 0,16 €/animal/día , o que supón unha tarifa de 2,55 €/ animal día

Consta nova solicitude de revisión de tarifas formulada polo contratista Recría Castro, S.L. con data de 28/06/2023 , nos seguintes termos :

O presente documento é o anexo á xustificación de revisión de tarifas elaborado o 12 de maio do 2.023.

Mediante o presente solicitamos, que de resultar favorable a solicitude da concesionaria Recría Castro, S.L. a revisión de tarifas se realice dende o vindeiro 01 de xullo de 2.023 data na que se cumpre o requisito dos dous anos dende a última revisión de acordo coas cláusulas do contrato de concesión.

Dada a crítica situación da concesionaria solicitamos ademais da revisión que esta se realice con carácter retroactivo, non dende a data da súa aprobación senón dende o 01 de xullo do 2.023.

Sen outro parecer e á espera das indicacións da Excm. Deputación de Lugo.

Asino o presente documento en calidade de administrador solidario.

Dita documentación acompaña a xustificación da súa solicitude para *incrementar as tarifas na orde de 0,78 €/animal/ día, o que vai supoñer unha tarifa de 3,33 €/animal/día que deberán aboar os usuarios do centro de recría.*

O respecto, emitiu informe a directora da granxa de data 3 se xullo de 2023, con CSV IV7OEDINZYNTZKZJXUUVKD30A4 que conclúe :

"1. Que a solicitude de RECRÍA CASTRO S.L. ao respecto do incremento das tarifas que deberán aboar os usuarios do centro de recría, enténdese suficientemente motivada, ao abeiro da cláusula 20 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo "Gayoso Castro" , considerando axeitada a proposta de RECRÍA CASTRO S.L. de incrementar as tarifas na orde de 0,78 €/animal/ día, o que vai supoñer unha tarifa de 3,33 €/animal/día que deberán aboar os usuarios do centro de recría.

2. A aplicación con carácter retroactivo do incremento de tarifas que deben aboar os usuarios do centro de recría, aplicarase , de ser o caso, de acordo as recomendacións dos servizos xurídicos e as decisións que estime oportunas o órgano competente. "

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	11/35



NORMATIVA APLICABLE:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. A teor do disposto na D.T 1ª da LCSP 9/2017.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do centro de recría da deputación de Lugo "GAYOSO CASTRO".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- Órgano competente:

Resulta órgano competente para a resolución do presente o Pleno provincial ó resultar ó órgano de contratación que actuou na aprobación e adxudicación do contrato, asimesmo por referirse a revisión das tarifas, que satisfán con carácter xeral ó concesionario os usuarios do servizo (que voluntariamente o solicitan e reciben) sen que conste no expediente outra regulación adicional para o seu establecemento e modificación que a prevista nos pregos, e a súa mención no regulamento de organización e funcionamento do centro de recría da deputación de Lugo. publicado no BOP de 6 de febreiro de 2017 , polo que considerando a natureza e duración do contrato lle corresponde ó pleno a adopción do presente.

2.- Sobre a procedencia da revisión das tarifas

Respecto da admisibilidade, da solicitude compre considerar a previsión ó respecto do PCAP, na súa cláusula 20 :


"20.1 A revisión de tarifas que deberán abonar os usuarios poderá ter lugar por calquera dos motivos seguintes:

a) Por incremento dos gastos de explotación. Os custos de explotación poden variar se se alteran os elementos que os integran e se experimentan aumentos de diferentes partidas que compoñen os mencionados gastos. A empresa adxudicataria deberá achegar un ditame pericial coa estrutura de custos e o incremento experimentado polos custos de explotación, que se suxeitará ao control e supervisión dos servizos provinciais.

b) Por incremento das obrigacións financeiras, como consecuencia de novos investimentos ou ampliación do servizo, debidamente autorizadas pola Deputación non contempladas no conxunto documental do expediente de adxudicación, cos límites, trámites e condicións fixadas na cláusula 16 deste prego.

20.2 En todo caso, o órgano de contratación aprobará este incremento das tarifas aos usuarios, se cumpren as condicións sinaladas, respectando unha periodicidade mínima de dous anos, contados desde o acto de inicio do contrato e en períodos sucesivos desde a entrada en vigor da última modificación. Naqueles supostos en que a administración detecte unha diminución dos custos de explotación, por redución de

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	12/35





partidas, melloras na xestión que leven redución de custos, maior dispoñibilidade de base territorial que a adscrita á concesión no momento da licitación ou outros, poderá determinar que esa redución de custos trasládese a unha redución das tarifas que se abonen polos usuarios.”

Respecto a solicitude de que dito incremento se produza con efectos retroactivos, estriba a dificultade da súa aceptación no efecto translativo que ten ós terceiros usuarios que obteñen coñecemento da modificación das tarifas a través da súa publicación no boletín oficial correspondente, e como consecuencia das limitacións establecidas no propio artigo 39.3 da lei 39/2015 LPAC, polo que se informa de xeito favorable a proposta de revisión de tarifas que se formule no tanto se refira en exclusiva a aplicación da revisión contractual nos termos previstos no prego sen carácter retroactivo.

CONCLUSIÓN:

Informado o órgano competente, vistos os antecedentes, e considerando a habilitación establecida no prego do contrato perfeccionado con data de 8 de novembro de 2017, e asimesmo considerando os informes favorables da directora da Granxa Gayoso Castro respecto da revisión das tarifas do contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”, , non se atopa impedimento para continuar a tramitación da solicitude do concesionario, previa fiscalización ou nota de conformidade pola intervención provincial.

Á vista do exposto, resulta axustado a dereito propoñer que, polo Pleno provincial, previa fiscalización ou nota de conformidade e asimesmo previo ditame da comisión informativa correspondente se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a revisión das tarifas do contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”, cun incremento de de 0,78 €/animal/ día, o que vai supoñer unha tarifa de 3,33 €/animal/día que deberán aboar os usuarios do centro de recría, desestimando a solicitude no que respecta a aplicación retroactiva.

2º .- Notificar ó contratista , e dar traslado ó servizo de contratación e fomento, á Granxa provincial e o servizo de intervención.

3º .- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de revisión coas novas tarifas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Antonio Ameijide Osorio e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	13/35



favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=4>

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE 2022

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que textualmente di o seguinte:


“Pola Presidencia preséntase a seguinte proposta de informe: *“Esta Presidencia, á vista dos informes e documentación obrantes no expediente, e de acordo co artigo 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propón que sexa informada favorablemente a Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2022”*. A Interventora xeral introduce a aclaración de que se unen os Estados Consolidados do 2022 que a norma esixe antes da aprobación da Conta Xeral.

Examinada a Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2022, proponse emitir informe favorable e sometela ao Pleno da Corporación para a súa aprobación definitiva, se procede.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, con cinco votos a favor e coa abstención dos señores deputados don José Demetrio Salgueiro Rapa, don Luís Fernández Guitián e don Francisco Javier Balado Teijeiro, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	14/35



que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita”.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=5>

--oo0oo--

6.- PROPOSTA DE GOBERNO EN APOIO ÁS DEMANDAS PARA A INCLUSIÓN DA MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO NA EDUCACIÓN PÚBLICA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta de Goberno, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de Goberno en apoio ás demandas para o reforzamento da materia de igualdade de xénero na educación pública

Exposición de Motivos:


Con esta proposta queremos por de manifesto o preocupante incremento posturas contrarias ó feminismo e mesmo de negacionismo da violencia de xénero entre os adolescentes, así como o aumento de agresións sexuais a menores.

O informe do Consello Económico Social, recomendou á Xunta intensificar os esforzos en política de igualdade e o Goberno galego debería tomar nota desa recomendación para intensificar a aposta polos contidos de Igualdade de Xénero en todos os niveis do sistema educativo.

A educación favorece o pensamento crítico e sempre é parte da solución, non do problema. Dende a escola hai que contrarrestar o que lle chega a nosa infancia e ao noso alumnado e o PP, como responsable do Goberno da Xunta, debería tomar nota da recomendación do CES e das noticias que por desgracia chegan con frecuencia ós medios de comunicación.

O risco das redes, da pornografía e da manoesfera que están a provocar a proliferación de páxinas, perfís, influencers con grande relevancia na “caverna misóxina” educando a nosa infancia e adolescencia, en mentiras, falacias, datos falsos e grande confusión sobre as relacións sexuais e afectivas sans. A formación en igualdade de xénero e a loita contra o machismo debe estar fóra de toda loita partidaria e debe ser a columna vertebral que alimente a sociedade no respecto mutuo e contra a discriminación por razón de xénero.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	15/35



A comunidade docente, na súa inmensa maioría, ven facendo un esforzo contrastado para incorporar os contidos de Igualdade de Xénero ás distintas materias, dándolle verdadeiro contido ó plan que a Xunta puxo en marcha no curso 2016/2017, a pesares da escasa ambición do PP. Pensamos que é o momento de incrementar ese compromiso e darlle á comunidade docente e ós alumnos e alumnas galegas máis ferramentas para avanzar nesta formación

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e o seu traslado á Xunta.

Acordos:

1.- Instar á Xunta de Galiza a garantir a oferta da materia de Igualdade de Xénero na oferta curricular das diferentes etapas educativas cunha dotación horaria e uns medios suficientes.

2º.- Acadar un gran acordo que inclúa as achegas de todos os partidos do arco parlamentario e da comunidade educativa para ampliar a presenza da Igualdade de Xénero no currículo educativo e aquelar os contidos de xeito que dean resposta ás situacións que debemos corrixir

3º.- Avanzar no deseño curricular e nos sistemas de avaliación dos contidos de Igualdade de Xénero, para que docentes e alumnos conten con ferramentas para avaliar o progreso nas aulas”.


A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Antonio Ameijide Osorio e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO MAIOR PARTICIPACIÓN DOS CONCELLOS NOS INGRESOS DO CANON EÓLICO E DO FUTURO CANON DA EÓLICA MARIÑA.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	16/35





Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando maior participación dos concellos nos ingresos do canon eólico e do futuro canon da eólica Mariña


Os concellos galegos foron e seguen ser os grandes esquecidos no desenvolvemento do sector eólico. Os concellos acollen o impacto das obras e neles se asentadas as infraestruturas que fan posible o aproveitamento das enerxías limpas. Pero ese esforzo dos nosos concellos recibe mal pago da Xunta. Segundo datos do Consello Económico e Social, o goberno galego recada de media uns 22M€ anuais polo concepto do canon eólico. Deses 22M, no ano 2021 só puxo a disposición dos concellos 6M€, apenas un 27% do recadado. No caso dos concellos de Lugo, a cantidade percibida apenas é de 2,6M€, isto é, apenas un 11% da recadación total da Xunta.

A torpeza da Xunta fixando o canon eólico en función do número de muíños dos parques, prexudica ós concellos. O desenvolvemento técnico e a repotenciación dos muíños fai que as empresas estean a reducir o número dos mesmos, co que a recadación por este concepto está a baixar nun momento no que os concellos precisan mellorar as súas facendas locais e non que a Xunta reduza aínda máis os seus ingresos.

Dentro da confusión que tanto lle gusta azugar ó executivo galego, o anteproxecto de *Ley de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia* contempla a creación dun canon que gravaría á eólica mariña en función da potencia dos cables que conecten as plataformas das estacións en terra. E dicir, aplicaríase na eólica mariña un canon de criterio diferente ó que actualmente segue en vigor na eólica terrestre. A Xunta non ten explicado como afectará a nova lei á actual lexislación vixente, ou se vai aproveitar para gravar tamén os parques eólicos en función da potencia. De momento, o anteproxecto fala de aplicar os beneficios do canon eólico mariño ó sector pesqueiro e ós concellos costeiros afectados pola actividade, pero sen precisar esa participación. Moito tememos que a Xunta queira minimizar os ingresos que perciben os concellos, como fai actualmente co canon eólico, incumprindo a propia lexislación de 2009 que fala de chegar ós concellos o 50% do recadado.

Os socialistas lucenses apostamos de xeito decidido pola impulso das enerxías renovables, un eido no que pensamos que a nosa provincia pode ser un referente.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	17/35



Pero o desenvolvemento pasa por contar cun marco legal claro, que contemple as necesidades das empresas, a protección ambiental e que aposte por regular e incrementar o retorno económico que perciben os concellos. Por todo iso, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia un marco lexislativo claro sobre a xestión das enerxías renovables, que recolla as seguintes propostas:

- Que modifique o canon eólico e pasar a un modelo de tributación por potencia instalada en lugar de por muíño
- Definir a participación dos concellos costeiros nos beneficios xerados pola enerxía eólica mariña
- Establecer que a recadación íntegra do actual canon eólico e do futuro canon da eólica mariña se destine a melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos ditos parques.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Antonio Ameijide Osorio e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=7>


8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA UN PLAN DE REFORZO DA SANIDADE PÚBLICA E DE COBERTURA DAS XUBILACIÓNS DE MÉDICOS NA PROVINCIA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente,

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	18/35



presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta un plan de reforzo da sanidade pública e de cobertura das xubilacións de médicos na provincia.

Como lles pasa ós malos alumnos, o inicio do curso pilla á Xunta con materias suspensas, deberes pendentes e sen metodoloxía de traballo para o novo curso político. A situación da Sanidade Pública na provincia é, por desgracia, un exemplo de como a mala xestión do Sergas a pagan os lucenses co deterioro dos servizos públicos. O secretario provincial dos socialistas denunciou hai pouco que 14 concellos da provincia corren o risco de quedar sen asistencia médica ante a inminente xubilación de mais de 20 médicos que prestan servizo nos seus centros de saúde. Son os concellos de Láncara, Sober, Pantón, O Páramo, Guitiriz, Castro de Rei, Samos, Monterroso, Pedrafita, Abadín, As Nogais, Abadín, O Incio, Portomarín, Antas de Ulla, A Pontenova e Begonte, que equivalen a mais do 20% dos concellos da provincia. E agroman arredor do 12% da nosa poboación, uns 38.000 veciños e veciñas.


Custa entender como en pleno século XXI, un goberno que presume de xestión poda asumir deixar sen atención médica a unha parte tan importante do territorio e da veciñanza. En outubro de 2022, a xerente do Sergas, Estrella López-Pardo, dicía que non podía haber un/unha pediatra en cada pobo; agora o Sergas vai camiño de ampliar ese despropósito suxerindo que non poderá haber médico en cada centro de Saúde.

A falta de previsión da Xunta e dos xestores do Sergas leva ata o absurdo a práctica xeneralizada de non cubrir as baixas por enfermidade, vacacións ou xubilación. A política de recortes do PP ten baleirado os cadros de persoal ó longo dos anos de goberno de Feijóo, sobrecargando de traballo ó persoal sanitario e xerando de facto unha desigualdade no acceso á sanidade pública en función do lugar de residencia. Unha desigualdade na que saen perdendo quen reside en concellos rurais.

Esa falla de previsión é inadmisíbel cando, dende hai anos, os Colexios Médicos veñen dando datos e estimacións das xubilacións previstas. No caso do Colexio Oficial de Médicos de Lugo, este xa advertía no ano 2018 que entre ese ano e 2022 ían cumprir 65 anos 289 médicos da nosa provincia. Nada se fixo para cubrir esas baixas e nada se está a facer agora para facer fronte a estas novas xubilacións.

Os e as socialistas lucenses temos un compromiso de defensa constante dos servizos públicos. Aproximadamente a metade das nosas iniciativas neste Pleno ó longo do mandato anterior tivo que ver ca defensa da Sanidade, da Educación e da Atención á Terceira Idade na provincia, como escudo para frear a política de recortes, peches e prexuízo do rural desenvolvida polo PP. Por iso o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia e ó Sergas un plan especial de reforzo da Sanidade Pública:

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	19/35



- Que garanta a atención sanitaria ós veciños dos concellos de Láncara, Sober, Pantón, O Páramo, Guitiriz, Castro de Rei, Samos, Monterroso, Pedrafita, Abadín, As Nogais, O Incio, Portomarín, Antas de Ulla, A Pontenova e Begonte ante as inminentes xubilacións dos profesionais dos centros de saúde.
- Que restitúa os cadros de persoal previstos para cada centro de saúde, recuperando as prazas que foron desaparecendo por mor das políticas de recortes do Partido Popular.
- Que estableza modelos de carreira profesional que aseguren unha carga de traballo axeitada ós profesionais, eliminando os cupos excesivos de doentes, a sobrecarga de traballo, a non cobertura de baixas ou vacacións e a temporalidade.
- Que garanta o dereito constitucional de acceso ás prestacións da Sanidade Pública a todos os e as lucenses, con independencia do seu lugar de residencia.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Antonio Ameijide Osorio e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=8>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA A MELLORA DO SERVIZO DE FISIOTERAPIA NO CENTRO DE SAÚDE DE MONTERROSO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para a mellora do servizo de fisioterapia no Centro de Saúde de Monterroso.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	20/35





Exposición de Motivos:

O Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego quere defender con esta moción o dereito a saúde da poboación dos concellos de Monterroso, Taboada, Palas de Rei, Antas de Ulla e Portomarín que teñen o servizo de atención de fisioterapia no centro de saúde de Monterroso.

Unha vez máis a política de recortes da Xunta de Galiza, provoca a non axeitada cobertura de prazas esenciais para o coidado da veciñanza destes concellos, tal e como acontece co servizo de fisioterapia.

As usuarias e usuarios desta especialidade das localidades afectadas, queren respostas á situación na que se atopa o servizo de fisioterapia no Centro de Saúde de Monterroso. Centro que conta cunha praza de Fisioterapia en quenda de mañá para asistir a unhas 10.000 TIS, do propio Monterroso, e dos concellos colindantes.

Neste momento, esta a praza de Fisioterapia estase a cubrir con persoal de reforzo ou acumulando tarefas, algo que supón que o número de días máximo que pode durar este vínculo é de 180 no prazo de 365, pero pode ser moi inferior, incluso de 1 só día. Este servizo deficitario, incide moi negativamente na calidade asistencial á poboación destes concellos xerando listaxes de agarda de 2 ou máis anos, o que na práctica supón para unha parte importante da poboación non contar con fisioterapia na sanidade pública, xa que as persoas que non teñen necesidades músculo-esqueléticas prioritarias quedan no fondo da listaxe de agarda probablemente anos, ou incluso para sempre.

‘É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galiza a:

Garantir e mellorar o servizo de atención de Fisioterapia dos concellos de Monterroso, Taboada, Palas de Rei, Antas de Ulla e Portomarín.

Dotar o Centro de Saúde de Monterroso do persoal sanitario de fisioterapia necesario para cubrir as necesidades reais deste servizo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Antonio Ameijide Osorio e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	21/35



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=9>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN A IMPULSAR E MODIFICAR O CONVENIO CO CONCELLO DE CERVANTES PARA A CONSTRUCCIÓN DA RESIDENCIA NA ANTIGA ESCOLA FOGAR.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:


“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para instar ao equipo de goberno da Deputación a impulsar e modificar o convenio co concello de Cervantes para a construción da Residencia na antiga Escola Fogar

Exposición de Motivos:

O 20 de maio de 2019, a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes formalizaban un convenio interadministrativo de cooperación para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de día) no Concello de Cervantes, que foi modificado posteriormente por dúas addendas.

En cumprimento do establecido no convenio, o Concello de Cervantes comprometeuse a aportar 200.000 euros e poñer a disposición da Deputación de Lugo unha parcela preferentemente en San Román, a capitalidade municipal, libre de cargas e gravames con licenzas urbanísticas e permisos sectoriais necesarios para a construción do centro residencial. O convenio está en vigor, logo da aprobación de dúas addendas, pero os trámites por parte do Concello de Cervantes non avanzan

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	22/35





para facer posible o fin do convenio: a construción do Centro de Atención a Persoas Maiores.

A antiga escola fogar, actualmente en desuso, atópase na localidade de San Román. Trátase dun inmovible cunha superficie considerable situado a carón do actual CPI que conta con tódolos servizos, incluído un espazo exterior.

Tendo en conta a dispoñibilidade deste inmovible situado na capitalidade municipal, conviría estudar a posibilidade de adecualo para a construción do Centro de Atención a Persoas Maiores no Concello de Cervantes. Desta forma, volvería poñerse en uso a antiga escola fogar evitando deixar abandonado outro inmovible máis no municipio de Cervantes e, ao mesmo tempo, crearíase un espazo interxeracional xa que pequenos e maiores poderían compartir esa zona do municipio.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:


O Pleno da Corporación da Deputación da Lugo insta ao equipo de goberno a impulsar de xeito decidido o Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de día) no Concello de Cervantes e, á vista de que aínda está pendente de poñer a disposición da institución provincial as parcelas para a súa construción, que se valore a posibilidade de empregar a antiga escola fogar como posible ubicación para o C. A. M”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, dos señores Deputados D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Daniel García Fernandez, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13, (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=10>

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	23/35



11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN A IMPULSAR A CONTINUACIÓN E CONSTRUCCIÓN DA VÍA PROVINCIAL LU-P-4206 Á BEIRA DO RIO MIÑO NA RIBEIRA SACRA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para instar ao equipo de goberno da Deputación a impulsar a continuación e construción da vía provincial LU-P-4206 á beira do río Miño na Ribeira Sacra.

Exposición de Motivos:

O turismo é un dos sectores con potencial na provincia de Lugo debido ao inmenso patrimonio natural, paisaxístico, arqueolóxico, arquitectónico, histórico, cultural e social do seu territorio.


Atendendo ao turismo de interior, a Ribeira Sacra consolídase como destino preferente entre os turistas que visitan a nosa provincia e, polo tanto, constitúe un motor económico importante para os municipios da zona sur bañados polo Miño e o Sil. O volume de ocupación revela o crecente interese dos visitantes pola Ribeira Sacra ao alcanzar o 90% o pasado mes de agosto, segundo os datos do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra.

A Ribeira Sacra constitúe, polo tanto, un importante atractivo turístico e, polo tanto, unha oportunidade para o desenvolvemento social e económico da zona a través da creación de empresas e postos de traballo nos municipios do rural que favorezan o asentamento da poboación. Pero para iso é preciso contar con servizos e infraestruturas públicas que faciliten a mobilidade e o transporte.

Comprometido co desenvolvemento e a vertebración do territorio, o goberno provincial do Partido Popular presidido por Francisco Cacharro apostou polo impulso e construción dunha estrada á beira do río Miño con fins claramente turísticos e de conexión territorial entre os municipios de Paradela e O Saviñao, pasando por varios núcleos de poboación e distintos miradoiros situados na ribeira do río Miño.

Entre os anos 2003 e 2005 desenvolvéronse diferentes actuacións enmarcadas no P.O.L que permitiron a construción de 3,920 quilómetros da LU-P-4206 no termo municipal de Paradela: dende a LU-633 no Loio ata o lugar da Adega, tramo que

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	24/35



formaba parte da primeira fase do proxecto que estaba previsto que chegase ata San Facundo, onde a Deputación de Lugo conta cun embarcadoiro e, posteriormente, ao Saviñao.

Coa chegada ao goberno provincial dos socialistas e nacionalistas no 2007 e a paralización das obras no 2008 por parte de Patrimonio na época do bipartito na Xunta de Galicia a 400 metros do mosteiro de San Facundo de Ribas de Miño, o proxecto quedou inconcluso tendo como consecuencia limitacións para o desenvolvemento desta zona.

Os canóns bañados polas augas do encoro de Belesar contan cun indubidable atractivo que, posto en valor, pode servir de panca para o desenvolvemento do sector turístico na parte alta do encoro. E a Deputación de Lugo, dende as súas competencias, pode contribuír a este desenvolvemento impulsando a construción da estrada LU-P-4206 dando continuidade a un proxecto ambicioso que unia os municipios de Paradela e O Saviñao a través desta vía de enfoque turístico que, bordeando o Miño e pasando por miradoiros, constituía un atractivo máis para esta zona da Ribeira Sacra e contribúa ao desenvolvemento do sector turístico, á creación de empresas e de postos de traballo.

Atendendo ao crecente interese polo turismo de experiencias na natureza e polo turismo activo no interior, resultaría de interese habilitar tamén unha senda ciclista e peonil coa que garantir a seguridade de ciclistas e sendeiristas. Nese sentido, é preciso que a vía conte con anchura suficiente para habilitar, ademais da calzada, unha senda pola súa marxe, de forma similar á existente no tramo xa construído.


Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno a impulsar a construción e continuación da LU-P-4206 para conectar os concellos de Paradela e O Saviñao cunha vía turística e de conexión territorial que percorra a beira do río Miño poñendo en valor a zona e, polo tanto, constituíndo un atractivo turístico máis da Ribeira Sacra.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, dos señores Deputados D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13, (emitidos polos/as señores/as

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	25/35



deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=11>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION


12.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVOS ÁS MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS, ANOS 2022 E 2023, POLOS CONCELLOS DE SAMOS, TABOADA, ABADÍN E MONFORTE DE LEMOS.

1.- Para os efectos do previsto nas bases do Plan Único 2022, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “*..Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....*”; dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 28/07/2023 e 25/08/2023 en relación co escrito presentado polas Alcaldías dos Concellos de Samos, Taboada, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

2.- Para os efectos do previsto nas bases do Plan Único 2023, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “*.. Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas, o Concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan único, motivadamente, poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....*” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de datas 04/08/2023 e 01/09/2023 en relación cos escritos presentados polas Alcaldías dos Concellos de Abadín, Monforte de Lemos, solicitando a substitución/modificación dun

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	26/35





investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=12>

13.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2023 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe dos meses de abril, maio e xuño de 2023 relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=13>

14.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2023 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

Dáse do informe do segundo trimestre de 2023 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=14>

15.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE XUÑO DE 2023.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica da Deputación de Lugo a 30 de xuño de 2023.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=15>

16.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE XUÑO DE 2023 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2023.

Dáse conta do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de xuño

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	27/35



de 2023 e previsións a 31 de decembro de 2023. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=16>

17.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Dáse conta das resolucións da Presidencia ditadas dende o día un de xullo ao trinta e un de agosto de dous mil vinte e tres, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3027 ao 3934. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=17>

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=18>

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Polo señor Presidente manifestase que por parte do Grupo Provincial Popular presentáronse dous Rogos e dúas Preguntas, que se tratarán a continuación:


R O G O S

Primeiro.- Relativo á estrada LU-P-2802 no municipio de Lourenzá, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

A estrada provincial LU-P-2804 (Pedrón – A Cazolga) é unha vía fundamental para o barrio da Cazolga, no municipio de Lourenzá. De feito, constitúe o principal itinerario de comunicación deste barrio da parroquia de Santa María de Lourenzá coa capitalidade municipal, a N-634 e a A-8. Trátase, polo tanto, dunha estrada moi empregada polos veciños e veciñas da Cazolga, pero tamén polos das parroquias lindeiras do municipio de Mondoñedo e, incluso, polos camións que extraen madeira dos montes e que constitúe a principal actividade económica da zona.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	28/35





A estrada soporta un importante volume de tráfico, pero presenta algunhas deficiencias que supoñen un perigo para os seus usuarios que mesmo teñen advertido dos riscos tras sufrir varios accidentes debido a:

- anchura insuficiente da vía que dificulta o cruzamento de dous vehículos (chegando a ser imposible cando se trata dun camión ou do autobús escolar)
- numerosas curvas con escasa visibilidade
- a existencia dunha ponte estreita sen sinalización de prioridade de paso
- presenza de árbores nas marxes que invaden espazo e que, especialmente durante o inverno, crean *verdín*; o que inutiliza parte da calzada porque os condutores o consideran perigoso
- a ausencia de *arcéns* ou espazo practicable á beira da estrada
- á carencia de *quitamedos* nalgún tramo á beira do río e puntos cun importante e perigoso desnivel

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que, atendendo ás reclamacións dos veciños, dote de maior seguridade á estrada LU-P-2804 aumentando o ancho da vía, valorando a posibilidade de acondicionar cunetas practicables de formigón para gañar espazo á vía, instalar *quitamedos* en zonas coma a marxe do río para evitar risco de caída de vehículos e colocar sinais de prioridade de paso na ponte e noutra zona estreita ao pé dunha vivenda”.

Segundo.- Relativo á estrada LU-P-4701 no municipio de Pobra do Brollón, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Fochancas con 40 centímetros de profundidade e varios metros de lonxitude. Estas son as condicións que presenta a estrada provincial LU-P-4701 e o tramo da LU-P-4710 (entre a LU-P-4701 e Salcedo) no termo municipal da Pobra do Brollón.

Xa é coñecido o mal estado dalgunhas vías provinciais froito da mala xestión do goberno provincial. Neste caso, faise máis evidente debido ao mal estado destas vías polo que xa non é suficiente con desenvolver traballos de conservación; senón que requiren unha actuación de rehabilitación integral para garantir a seguridade dos usuarios.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que realice con urxencia traballos de reparación integral da vía LU-P-4701 e do tramo da LU-P-4710 entre a LU-P-4701 e Salcedo.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	29/35



PREGUNTAS

Primeira.- Relativa ao protocolo asinado co concello de Xove sobre a rede viaria provincial no dito municipio, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

O 11 de xuño de 2018 o entón presidente da Deputación de Lugo, Darío Campos, e o alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro, asinaban un protocolo de colaboración entre ambas administracións para mellorar, xestionar e entregar a rede viaria provincial no termo municipal de Xove que suman un total de 47.931 quilómetros pertencentes a 10 estradas provinciais: LU-P-2601, LU-P-2602, LU-P-2603, LU-P-2604, LU-P-2605, LU-P-2606, LU-P-2607, LU-P-2609, LU-P-2610 e LU-P-6606.


A rede viaria provincial no termo municipal de Xove dá servizo a distintas parroquias, constitúen os únicos accesos ás praias e outras zonas de costa, así como á planta Pescanova, o Portiño de Morás, o Porto de Portocelo e a empresas auxiliares de Alcoa. Son, polo tanto, estradas con importante densidade de tráfico ao longo de todo o ano e que, no verán, chega a duplicarse.

As vías presentan certas deficiencias polo que requiren unha reparación para mellorar a seguridade de vehículos e peóns. Un exemplo do mal estado das vías provinciais no termo municipal de Xove é a LU-P-2604 (Xove – Valcarría) que nunha curva se converteu nunha enorme fochanca. Esta mesma vía é un claro exemplo da falta de colaboración do goberno provincial cos concellos gobernados polo Partido Popular, xa que no termo municipal de Xove está en moi malas condicións e unicamente cun rego asfáltico e no termo municipal de Viveiro está en moi boas condicións e conta con aglomerado en quente.

No momento da sinatura do protocolo, ambas entidades recoñecían o mal estado da rede viaria provincial ao considerar de interese a súa reparación en aglomerado en quente, incluso mellorando anchos e curvas nos casos nos que para máis seguridade así se considere axeitado.

O 26 de novembro de 2019 o Grupo Provincial do Partido Popular formulaba preguntas ante o pleno para coñecer a situación deste protocolo e se o goberno provincial tiña intención de cumprilo, pero o presidente non aclaraba nada ao respecto.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	30/35





Foi o 26 de maio do 2020 cando o PSOE e o BNG se posicionaron en contra de cumprir o protocolo ao votar en contra dunha moción presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular para o cumprimento do protocolo xeral de actuación asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xove.

Nunha reunión celebrada en novembro do ano pasado, o actual presidente trasladou ao alcalde de Xove a súa disposición para desbloquear a situación, manifestando a intención de dar cumprimento ao protocolo asinado polo seu antecesor.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Ten previsto o señor presidente desta institución, don José Tomé Roca, dar cumprimento ao recollido no protocolo asinado polo anterior presidente da Deputación de Lugo, don Darío Campos, e o alcalde de Xove, don Demetrio Salgueiro, de cara á mellora conxunta, a xestión e a entrega ao Concello de ata 10 estradas de titularidade provincial ou estudar algunha alternativa para resolver o problema do mal estado da rede viaria provincial no concello de Xove?"

Segunda.- Relativa a arranxos de deficiencias no Pazo Provincial dos Deportes, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

En decembro de 2022, o Club Baloncesto Breogán remitiu varios correos electrónicos á Deputación de Lugo, emails recibidos no Servizo de Arquitectura, e nos que o club daba traslado de sendos informes da ACB (Asociación de Clubs de Baloncesto) nos que se relataban unha serie de deficiencias detectadas no Pazo Provincial dos Deportes de Lugo.

Neses correos electrónicos especificábase o seguinte:

“GRADAS SIN ASIENTOS

Hay varias zonas de las gradas, tanto en los fondos como en los laterales, que no disponen de asientos separados. En las mismas el público se sienta en los bancos de madera de las gradas retráctiles, incumpliendo el artículo 54.2 de las Normas de Competición:

Artículo 54.

2. La instalación de juego deberá disponer de un aforo mínimo de 5.000 espectadores sentados en asientos separados y debidamente numerados”.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	31/35



Dende o club explicábase que dende a propia ACB requirían que á maior brevidade posible se puidesen solucionar esas deficiencias.”

O 24 de maio de 2023 o Club Baloncesto Breogán remata a temporada, xogando o seu derradeiro encontro en Valencia, pero os encontros como local xa finalizaran o 14 de maio de 2023 no partido ante o Baxi Manresa.

Facemos esta reflexión coñecedores de que dende o 1 de setembro deste ano estase a traballar na colocación destas cadeiras, cun prazo de execución de tres meses, pero non é menos certo que se puido ter a previsión suficiente para realizar estes traballos durante os meses de verán, evitando así inconvenientes durante as competicións oficiais ou multas para os clubs afectados.

Tamén cómpre solucionar as goteiras que hai no pavillón e que poñen en risco a integridade física de calquera persoa que estea na pista e que levan moitos meses agardando por unha solución e dotar á instalación dun sistema de climatización axeitado.

Pero o Pazo Provincial dos Deportes non é a única instalación con problemas. Os usuarios dos anexos, máis coñecidos como ‘Pacito’, levan anos soportando numerosos inconvenientes, como problemas co chan, humidades, goteiras, non ter vestiarios, frío... Mentres os diferentes gobernos provinciais de PSOE e BNG sempre optaron por mirar cara outro lado ou por facer promesas, sabendo de que non as fan a cumprir.


Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Como e en que prazo ten previsto o goberno provincial dar solución a:

- Colocación definitiva das cadeiras nas bancadas móbiles do Pazo
- Filtracións da cuberta do pavillón e anexos
- Problemas de climatización da instalación
- Colocación do chan dos anexos
- Que os usuarios dos anexos poidan dispoñer de vestiarios ou acceder aos do Pazo para poder mudar de roupa e asearse despois de adestramentos ou competicións
- Arranxar as deficiencias e fochancas do pavimento dos accesos e aparcamentos do Pazo

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=19>

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	32/35



ASUNTOS DE URXENCIA

Intervén o Sr. Presidente para manifestar que se vai someter á consideración do Pleno unha moción de urxencia presentada polo Grupo Provincial Popular; polo que se procederá en primeiro lugar á xustificación e votación da declaración de urxencia da mesma.

Moción de urxencia contra a tramitación dunha Lei de Amnistía.

Logo de ver a moción presentada polo Grupo Provincial Popular, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de urxencia contra a tramitación dunha Lei de Amnistía

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia que, desde o punto de vista democrático e constitucional, tería a aprobación dunha Lei de amnistía ou de indulto xeral


Exposición de Motivos

O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía de conformidade co principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, de feito presentáronse dúas emendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, en sentido contrario, aprobouse o artigo 62 que prohíbe indultos xerais. É dicir, o perdón -que si existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca xeral.

Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para xulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	33/35



En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional, en ocasións, acompañados con feitos dunha violencia extrema. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación (corrupción). Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón, tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017.

Non é a primeira vez que se suxire esta cuestión. En 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a que se poida tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, unha vez máis, preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía e o Consello de Estado.


O prezo da presidencia non sería só exculpar centenaes de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito, branquear e considerar a lexitimidade da sedición. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que ante a falta dun rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta a seguinte Proposta de acordos:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo acorda:

- 1.- Rexeitar calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	34/35





2.- Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes ao seu cumprimento.

3.- Animar aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española estea sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.

4. - Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á “Vicepresidencia primeira y Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital”, á “Vicepresidencia segunda y Ministerio de Trabajo y Economía Social”, ao “Ministerio de Política Territorial”, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e no Senado; así como á Xunta de Goberno da FEMP”.

Efectuada a votación da declaración de urxencia da moción, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13, (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a declaración de urxencia da moción.

Antes de dar por rematado o Pleno, toma a palabra o Presidente, no seguinte sentido:

“Tendo en conta que dende o mes de xullo non tivemos máis plenos, e nese período produciuse a falla dunha persoa para a cal, e creo que falo no nome de toda a Corporación, debemos ter un recordó; unha gran persoa e un gran periodista, que nos deixou e que cubriu en moitas ocasións información dos plenos desta Deputación, como foi Pepe Seijo. Así que no nome de todos, onde queira que estea, reciba un agarimoso recordo de tódolos que conformamos esta Casa”

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230926&punto=19>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Fecha y Hora	10/10/2023 19:04:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PZWTSNJGLXD7PCQFMH4YEPY	Página	35/35

